



**Temos moita enerxía que dar**

**Practica os 3R:  
Reduce, Reutiliza e  
separa para Reciclar.  
Do Resto encárgase Sogama**

## Entrevistamos a...



**Antonio Barrón**

DIRECTOR DE COMUNICACIÓN CORPORATIVA Y MARKETING DE ECOEMBES

*"El porcentaje de reciclado en el contenedor amarillo ha aumentado un 65% en 15 años"*

[Ler máis...](#)



**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**

PROFESORAS COORDINADORAS DO PROGRAMA "RECÍCLATE CON SOGAMA" 2012-2013

*"Cando cres en algo, transmites ilusión a todos os que te rodean"*

[Ler máis...](#)

## Mundo SOGAMA



### Balace positivo para o programa de compostaxe doméstica

Iniciado de forma experimental hai tres anos, o programa de compostaxe doméstica impulsado por Sogama co apoio da Consellería de Medio Ambiente está sendo un éxito

Os fogares adscritos aseguran que a práctica da compostaxe doméstica non lles supuxo un esforzo adicional. Recuperaron unha tradición do rural galego e, ademais, o proceso resultálles máis cómodo e hixiénico grazas aos composteiros facilitados pola Sociedade.

[Ler máis...](#)

## Novas

### A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

O informe dunha consultora independente destaca os beneficios obtidos pola entidade pública.

### As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9%



### Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

[Máis novas...](#)

## Multimedia

### Queres ver Sogama desde o aire?



Impresionante vídeo aéreo do complexo medioambiental de Cerceda

[Ver vídeo](#)

### Ao mar non se tira o lixo!

5º videoconto da familia Trebón

[Ver vídeo](#)

## Actualidade

### A campaña da reciclaxe xa informou a pé de rúa a preto de 8.000 transeúntes

[Ler máis...](#)



## Eventos

Luis Lamas recolle o premio "Ejecutivos Galicia"

**Ponencia no seminario de verán de Guitiriz "A paisaxe na historia"**

**As empresarias lucenses distribúen bolsas de papel reciclado e biodegradable**

[Máis eventos...](#)

## Receitario

### Que comes hoxe?

Dámosche algunhas ideas!



- Fabas con ameixas
- Polbo guisado con patacas
- Manciñas de porco rebozadas con garavanzos
- Empanada de mazá

[Ver receitas...](#)

# Entrevistamos a...

Boletín Informativo OCTUBRO 2013



**Antonio Barrón**

Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

## "Hemos reciclado 12 millones de toneladas de envases y evitado la emisión de igual cantidad de CO<sub>2</sub> a la atmósfera"

Ecoembalajes España, S.A. (Ecoembes) es la organización sin ánimo de lucro que gestiona la recuperación y el reciclaje de los envases de plástico, las latas y los briks (contenedor amarillo) y los envases de cartón y papel (contenedor azul) en toda España. En la actualidad, más de más de 12.100 compañías se han adherido a este Sistema Integrado de Gestión de residuos de envases (SIG). Su Director de Comunicación, Antonio Barrón, nos explica la experiencia en Galicia.

Ya han transcurrido cerca de 15 años desde que la recogida selectiva del contenedor amarillo, en el marco de la Ley de Envases y Residuos de Envases, se implantase en Galicia a modo experimental, integrándose en la misma a día de hoy la mayor parte de los concellos gallegos. Cómo definirían esta etapa y qué lectura hacen del trabajo desarrollado a lo largo de este tiempo.

En 15 años hemos pasado de un desconocimiento mayoritario en materia de reciclaje a que el gesto de separar los envases sea algo natural en nuestro día a día. En 1998, cuando Ecoembes inició su actividad, el porcentaje de reciclado de envases apenas alcanzaba el 5% y actualmente ya supera el 70%, cifra que está muy por encima del objetivo mínimo fijado por la Unión Europea (55%) y que nos sitúa entre los diez primeros países de Europa.

*Cada gallego recicló el año pasado 9,4 kilos de envases ligeros y 11,6 de papel y cartón*

administraciones públicas y la de las empresas gallegas, el reciclaje de envases se ha convertido en una realidad en la región. No obstante, aunque la evolución ha sido muy positiva, desde Ecoembes seguiremos trabajando porque cada vez se recicle más y mejor.

**Sin embargo, parece que los gallegos no lo estamos haciendo todo lo bien que debiéramos, ya que el porcentaje de residuos impropios en este recipiente todavía es elevado. En qué tasas nos movemos y en qué situación nos encontramos en relación a otras comunidades.**

Durante 2012, en Galicia se han reciclado un total de 51.014 toneladas de envases. Esta cifra indica que cada gallego ha depositado una media de 9,4 kilos de envases ligeros en el contenedor amarillo y 11,6 kilos de envases de papel y cartón en el azul.

En cuanto al porcentaje de impropios, es decir, los residuos depositados incorrectamente en el contenedor amarillo, la Comunidad ha registrado una tasa de 28,4%. Aunque es cierto que esta cifra es ligeramente superior a la media española (24,06%), está un punto por debajo de la registrada en 2011, lo que indica que el nivel de sensibilización de los gallegos en esta materia está aumentando.

De hecho, según el último Estudio de Hábitos y Actitudes de la Población Española respecto a la separación de residuos y la recogida selectiva realizado en 2012 por Ecoembes, el 65% de los gallegos afirma separar todos o casi todos sus residuos a diario. El mismo informe destaca que 9 de cada 10 ciudadanos considera también el reciclaje y la separación de residuos actos muy o bastante importantes de cara al cuidado del medio ambiente.

**Para muchos, el contenedor amarillo es el que se presta a mayor confusión, quizás por el amplio abanico de materiales que acoge y quizás también por las características de los mismos, no pudiendo depositar en este recipiente cualquier tipo de plástico o metal, sino únicamente envases de plástico, latas y briks.**

*Introducir un CD o una sartén en el contenedor amarillo perjudica la cadena de reciclado*

Explíquenos los motivos por los que debemos hacerlo así y denos algún truco con el que evitar o al menos minimizar los errores. El motivo principal por el que en el contenedor amarillo debemos depositar únicamente los envases tiene que ver con el correcto funcionamiento del proceso de reciclaje. Las plantas de selección no están preparadas para otros objetos fabricados a partir de diferentes materiales como gomas, pilas, baterías, cables, etc. o de otros tipos de plástico. Estos residuos deben ir al Punto Limpio, a los puntos de recogida especial que los ayuntamientos ponen a nuestra disposición. Por este motivo, cuando introducimos otro tipo de objetos en el contenedor amarillo como una cinta de VHS, un CD, o una sartén, estamos perjudicando la cadena de reciclado.

Hay que decir que, en líneas generales, los ciudadanos son cada vez más conscientes de lo importante que es no sólo separar en sus hogares sino depositar los envases de forma correcta en los contenedores. No obstante, siempre pueden existir dudas. El mejor consejo es seguir la siguiente norma: si es un envase, va al contenedor amarillo. Ya sea un brik, un envase de plástico o uno de metal.

**Desde mediados del pasado mes de julio, una campaña itinerante bautizada con el lema "Separemos bien, reciclaremos mejor" e impulsada por la Consellería de Medio Ambiente, Sogama, Ecoembes y los Sistemas Integrados de Gestión de Pilas, se encuentra recorriendo un buen número de concellos gallegos con el fin de promover la activa participación de la ciudadanía en el sistema de recogida selectiva. Cómo está fluyendo esta iniciativa, durante cuánto tiempo permanecerá en vigor y qué resultados se prevén alcanzar con la misma.**

"Separemos bien, reciclaremos mejor" tiene un objetivo claro: aumentar el conocimiento de los gallegos acerca de qué residuos tienen que depositar en cada contenedor para conseguir que puedan ser reciclados y tengan una segunda vida.

*Ecoembes realiza más de 300 campañas de sensibilización y concienciación cada año*

Hasta el momento, ha tenido una gran repercusión y ha contribuido a que muchos gallegos separen correctamente sus residuos domésticos, reduciendo así los errores y, consecuentemente, mejorando el proceso de reciclaje.

La campaña circulará de forma itinerante por más de 150 concellos, estará operativa durante un año y a partir del mes de octubre, coincidiendo con el inicio del curso escolar, se reforzarán las acciones. Asimismo, se realizarán charlas informativas dirigidas a asociaciones, colectivos y público adulto en general.

**Desde la entrada en operación de Ecoembes, qué cantidad de envases han logrado recuperar a nivel estatal y cuáles han sido los principales beneficios ambientales del trabajo que han llevado a cabo.**

Desde que iniciamos nuestra actividad, hace 16 años, se han conseguido reciclar más de 12 millones de toneladas de envases en España. Esto ha permitido que se haya evitado la emisión de 12,6 millones de toneladas de CO<sub>2</sub> a la atmósfera, que es lo que consume un coche en dar la vuelta al mundo 1.762.000 veces.

Además, se han ahorrado 13,3Mwh de energía, el equivalente al consumo anual de 1,4 millones de habitantes, y 343 millones m<sup>3</sup> de agua, que es lo que consume la población gallega durante dos años.

**La sensibilización de la población en la gestión sostenible de los residuos, principalmente en el ámbito de los contenedores amarillo y azul, es uno de los principales cometidos que lleva a cabo Ecoembes. Qué proyectos tienen en cartera para los próximos meses en el ámbito educativo.**

Para nosotros, la concienciación y sensibilización ciudadana son piezas claves en el reciclaje de envases. Por este motivo, desde Ecoembes volcamos gran parte de nuestro esfuerzo en desarrollar más de 300 campañas cada año, dirigidas a los ciudadanos, e intentamos mejorarlas día a día.

*El 65% de la población separa todos*

*o casi todos sus residuos*

*a diario*

Hace tan solo unas semanas lanzamos la campaña "Legado", con el principal objetivo de concienciar acerca de la importancia que tienen para nuestro medio ambiente y para el legado que dejemos a nuestras nuevas generaciones, acciones tan cotidianas como separar adecuadamente los envases consumimos a diario.

Además, hacemos especial hincapié en la educación ambiental, con acciones como el concurso "Los profes cuentan" o el proyecto didáctico en el que colaboramos junto a Aldeas Infantiles. Gracias a ellas, conseguimos trasladar el mensaje ambiental a 700.000 niños cada año.

## Entrevistamos a...

Marian Paredes e Mercedes Cereijo  
Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

## Mundo SOGAMA

Balance positivo para o programa de compostaxe doméstica

## Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

## Multimedia

## Actualidade

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Entrevistamos a...

Boletín Informativo OUTUBRO 2013



Marian Paredes e Mercedes Cereijo

Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

## "A implicación do alumnado foi total, sobre todo a dos máis cativos"

As docentes cóntannos a súa satisfactoria experiencia como coordinadoras do proxecto "Pensando R" que obtivo a máxima puntuación no programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013. Ilusión e constancia co traballo realizado para implicar a toda a comunidade local pero, sobre todo, o compromiso dos nenos e nenas coa xestión sostible dos residuos urbanos foron as claves do seu éxito. Durante este curso seguirán apostando polos tres erres.

O CEIP Emilio Navasqués de Outes proclamouse vencedor da edición 2012-2013 do programa "Recíclate con Sogama", instaurado en 16 centros de infantil e primaria das catro provincias galegas. Que supuxo este galardón para o conxunto da comunidade educativa e, máis concretamente, para vós como coordinadoras da iniciativa?

En principio, podemos expresar o que supuxo para nós, que foi, por suposto, unha satisfacción polo recoñecemento ao traballo realizado. Non obstante, o mellor galardón é botar unha ollada atrás e ter unha visión global de tarefa, en xeral satisfactoria, aínda sendo conscientes de que sempre se pode mellorar. Para o resto da comunidade xa non nos correspondería a nós opinar, mais para o alumnado sabemos que foi unha recompensa ao seu esforzo e interese.

*"Para este curso xa temos algún proxecto en mente, senón, de que serviría todo o esforzo feito!"*

A memoria que presentastes, e na que se recollía o traballo realizado, foi cualificada coa máxima puntuación en todos os apartados avaliados. Cal foi a clave do éxito? Ante todo a constancia á hora de recoller e rexistrar a programación, así como o desenvolvemento e testemuñas en imaxes das distintas actividades que íamos realizando.

O proxecto que levastes a cabo "Pensando R" caracterizouse tamén por facerse extensivo a outros colectivos sociais do municipio. É o caso da Asociación de Nais e Pais dos alumnos, o propio goberno local e mesmo o centro de persoas con discapacidade de Valadares. Como lograstes implicar a grupos aparentemente tan diferentes?

Non foi complicado; é máis, consideramos que resulta doado, xa que cando cres en algo no que estás a traballar, transmítese ilusión, e esta é a que produce o efecto contaxio, por explicalo dalgunha maneira.

Un dos grandes retos deste tipo de iniciativas é propiciar que os bos hábitos adquiridos na escola se extrapolen aos fogares e contorno social dos pequenos. Podemos dicir que, no caso do Emilio Navasqués é un logro xa acadado ou al menos que vai polo bo camiño?

Isto sería moito dicir. Ese é un dos obxectivos, pero logralo esixe continuidade e moita constancia para asentar os hábitos, pero niso estamos.

Tras o enorme esforzo e traballo realizado neste ámbito o pasado curso, que aspectos foron os máis positivos e enriquecedores para vós, tanto a nivel profesional como personal? Algún negativo?

*"Cando cres en algo, transmites ilusión e produces o efecto contaxio entre a comunidade"*

A nivel profesional, destacar a implicación do alumnado, a súa inquietude por aprender a separar os residuos nos diferentes colectores, sobre todo no caso dos máis cativos, pois, cando se empeñan en algo, son inflexibles. A nivel persoal, a nosa propia aprendizaxe.

A pesar de que no período académico 2013-2014, o programa dirixírase a novos centros de primaria, non resultando posible repetir esta experiencia por parte dos que participaron na pasada edición, entendemos que o CEIP Emilio Navasqués seguirá a traballar co seu alumnado na xestión sostible dos residuos urbanos. Tedes xa algún proxecto en mente?

Por suposto, senón, de que serviría todo o esforzo realizado? Algo ronda polas nosas cabeceiras, pero non volo imos a contar ¡Será sorpresa! Non somos de grandes programacións a priori. Gústanos fluir, e se nos seduce algún acontecemento que saia ao paso, aproveitámolo como inspiración, de aí que logo resulte un traballo dinámico, en primeiro lugar, para nós mesmas.

## Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**  
Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

## Mundo SOGAMA

Balace positivo para o programa de compostaxe doméstica

## Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

## Multimedia

## Actualidade

## Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)





## Máis de 1.800 fogares galegos xa participan no programa de compostaxe doméstica de Sogama

O éxito e os beneficios desta iniciativa leva a que novos concellos soliciten a implantación da mesma no seu territorio, e os xa adscritos demanden a súa extensión a novas vivendas

Iniciado de forma experimental hai tres anos en cinco concellos da Mariña lucense, o programa de compostaxe doméstica impulsado por Sogama co apoio da Consellería de Medio Ambiente conta xa con medio centenar de municipios adscritos nas catro provincias e máis de 1.800 fogares que apostan polos seus beneficios. O éxito desta iniciativa é tal que novos concellos están a solicitar a súa implantación, mentres que os adscritos, demandan a extensión do mesmo a novos fogares.

Os beneficios derivados da reciclaxe da materia orgánica en orixe son múltiples. Ás vantaxes medioambientais, engádanse as económicas para as arcas locais. E é que, evitando o depósito dos restos orgánicos nos contedores verdes convencionais, os concellos poden reducir a frecuencia de recollida, custes de loxística e de tratamento, así como emisións de CO<sub>2</sub> derivadas do transporte. Hai que recordar que a fracción orgánica supón arredor do 40 por cento da composición da bolsa que unha familia media tira ao lixo cada día.

### En primeira persoa

Os fogares adscritos aseguran que a práctica da compostaxe doméstica non lles supuxo un esforzo adicional. Recuperaron unha tradición do rural galego e, ademais, o proceso resultalles máis cómodo e hixiénico grazas aos composteiros de 360 litros de capacidade, fabricados con material reciclado e reciclable, facilitados por Sogama. Como complemento, os usuarios contan cun manual de apoio e co asesoramento e supervisión constante de persoal municipal que asume o rol de "mestres composteiros", previa formación por parte de Sogama.

A Universidade de Santiago de Compostela procedeu á análise de mostras do compost obtido en diferentes municipios participantes neste proxecto, concluíndo a súa excelente calidade. O abono resultante cumpría con todos os parámetros requiridos pola normativa vixente, podendo ser aplicado ao solo sen restricións e con absolutas garantías.

### Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**  
Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**  
Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

### Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

### Multimedia

### Actualidade

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

Nun informe realizado por unha consultora independente destácanse os importantes beneficios que Galicia obtivo desde a posta en funcionamento de Sogama, pero tamén se deixa constancia dos problemas que poñen en risco a sostibilidade futura do sistema.



A consultora de CSIL Milano, Emanuela Sirtori, durante a súa intervención

Entre as conferencias pronunciadas no curso sobre xestión dos residuos urbanos promovido por Sogama a comezos do verán cabe destacar a da Consultora de Investigación e Innovación CSIL Milano, Emanuela Sirtori. Esta firma italiana elaborou, por encargo da Comisión Europea, un informe sobre as consecuencias da actividade da Sociedade Galega do Medio Ambiente en Galicia no que se avala sen fisuras a actividade desta entidade pública.

No seu relatorio, Sirtori enfatizou os importantes beneficios do traballo realizado por Sogama desde a dimensión ambiental e a xeración de emprego, pero tamén aludiu ás limitacións futuras que poñen en risco a sostibilidade futura do sistema. Entre outros aspectos, destacou a morosidade dos concellos, un canon que non inclúe os importantes custos do transporte do lixo desde as distintas plantas de transferencia emprazadas no territorio galego e a insuficiente capacidade de valorización enerxética do complexo industrial de Cerceda (A Coruña).

Esta última circunstancia, puntualizou, leva a Sogama a perder recursos a través do vertedoiro de Areosa. O mesmo acontece coa insuficiente separación dos refugalloos por parte da cidadanía. Tanto a bolsa amarela (envases lixeiros) como a negra (fracción resto) conteñen unha alta taxa de impropios e, remarcou a consultora, "dado que Sogama non pode separar os envases contidos nesta última, isto tamén a leva a perder recursos económicos".

Emanuela Sirtori recoñeceu igualmente que a maior parte dos problemas detectados xa se recollen no propio plan galego de xestión de residuos urbanos 2010-2020, cuxas principais medidas se orientan cara a sostibilidade no seu conxunto.

O curso sobre xestión dos residuos urbanos tivo lugar no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra baixo a tutela da Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) e a organización de Sogama. Durante tres xornadas, relatores cunha dilatada experiencia abordaron a xestión do lixo en Galicia desde unha dimensión ambiental, económica e social.



[Ler informe](#)

### Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**  
Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**  
Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

### Mundo SOGAMA

Balance positivo para o programa de compostaxe doméstica

### Novas

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

### Multimedia

### Actualidade

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)





Alumnos do colexio Sagrada Familia – Aldán de Cangas de Morrazo (Pontevedra)

## O maior número de visitas a Sogama evidencia o interese da poboación na súa actividade

As visitas ás instalacións de Sogama seguen aumentando. Este ano, e malia as dificultades orzamentarias de colectivos habituais como os centros escolares, o número de visitantes ata xullo pasado viuse incrementado nun 9 por cento. Nos primeiros sete meses de 2012 houbo 2.230 visitas e no mesmo período deste ano, 2.429. Se a comparativa se establece entre o período 2005-2008 e o 2009-2012, a diferenza aínda é maior, resultando neste último un incremento do 20 por cento.

A maior parte dos visitantes ás instalacións de Sogama en Cerceda son escolares, pero non os únicos. Asociacións veciñais, de amas de casa, de consumidores, profesionais do sector, representantes da administración local, delegacións estranxeiras e un longo etcétera, interézanse en comprobar en primeira persoa a actividade industrial da empresa.

### Itinerarios personalizados

No caso dos colexios, e antes da visita, a Sociedade facilita unidades didácticas adaptadas a cada nivel educativo para que os alumnos poidan aproveitar ao máximo a súa estadia no complexo industrial de Cerceda.

Despois, unha vez na sede de Sogama, educadores especializados deseñan un itinerario personalizado dependendo do perfil de cada colectivo para guialos polas distintas plantas que conforman a infraestrutura central. O persoal técnico vai explicando o circuíto que seguen os refugallo e a función desempeñada por cada instalación. O resultado: poñer en valor os recursos contidos no lixo.

Todas as enquisas de satisfacción cubertas polos visitantes ao finalizar o percorrido resultaron enormemente positivas, recoñecendo estes a gran achega realizada pola empresa pública para a protección e mellora do medio ambiente.

O programa de visitas pode consultarse [na web de Sogama](#) ou contactando directamente co Departamento de Comunicación da Sociedade.



[Galería de fotos](#)

### Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**

Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**

Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

### Mundo SOGAMA

Balance positivo para o programa de compostaxe doméstica

### Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

### Multimedia

### Actualidade

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)





O programa "Recíclate con Sogama" comezará nas vindeiras semanas

## Nova edición do "Recíclate con Sogama"

Ata un total de 20 centros de primaria (15 públicos e 5 concertados) poderán participar no programa de educación ambiental "Recíclate con Sogama" 2013-2014. O prazo para enviar as solicitudes rematou o pasado 30 de setembro e a listaxe de seleccionados coñecerase en próximos días.

O programa "Recíclate con Sogama" é unha iniciativa enmarcada no Plan Proxecta da Xunta de Galicia que ten dous obxectivos principais. Por unha parte, promover a implicación da comunidade educativa na xestión sostible dos residuos urbanos a través do principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), prestando especial atención á segregación do lixo por tipoloxías e posterior depósito nos contedores correspondentes, e, pola outra, que escolares e docentes incorporen en todos os roles da súa vida diaria a separación de residuos como un hábito máis, tanto na casa coma en escola, no traballo e tempo de lecer.

Ademais de contedores para cada fracción (amarelo, para os envases lixeiros; azul, para os de cartón e papel; e recipiente verde convencional, para a fracción resto), Sogama facilita aos centros con servizo de comedor un composteiro no que se introduce a materia orgánica xerada, obtendo deste xeito un abono natural de alta calidade para as hortas e os xardíns dos recintos escolares.

A parte final do programa consiste na elaboración dunha memoria do proxecto desenvolvido por cada colexio que é avaliada por unha comisión na que participan representantes de Sogama e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. En todo momento, o profesorado dos centros participantes está apoiado por técnicos de Sogama, que lles proporcionan as ferramentas didácticas e informativas que precisen.

Os gañadores da pasada edición foron, co primeiro posto, o CEIP Emilio Navasqués de Outes (A Coruña), así como o CRA de Monterrei e o CEIP Manuel Masdías, que se fixeron co segundo e terceiro premio respectivamente. En total, recibiron cheques por valor de 2.000 euros canxeables por material escolar, e os alumnos do primeiro clasificado, tamén entradas para o Aquapark de Cerceda.

## Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**  
Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**  
Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

## Mundo SOGAMA

Balace positivo para o programa de compostaxe doméstica

## Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

## Multimedia

## Actualidade

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Multimedia

Boletín Informativo OUTUBRO 2013

## Queres ver Sogama desde o aire?

Impresionante vídeo aéreo do complexo medioambiental de Cerceda



[Ver vídeo](#)

Tecnoloxía, eficiencia, compromiso, responsabilidade, traballo e esforzo constitúen os atributos do complexo medioambiental de Sogama que, desde o aire, tampouco deixan indiferente a ninguén.

Estas imaxes, filmadas a mediados de 2013, amosan as 65 hectáreas de superficie que abarcan as distintas instalacións, que interaccionan e se complementan entre si cun único fin: dar a mellor xestión posible aos refugallos producidos no territorio galego, conforme á legalidade vixente e coas máximas garantías medioambientais.

## Ao mar non se tira o lixo!

5º videoconto da familia Trebón



[Ver vídeo](#)

## Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**

Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**

Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

## Mundo SOGAMA

Balance positivo para o programa de compostaxe doméstica

## Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

## Actualidade

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Mes e medio informando sobre a reciclaxe a pé de rúa a preto de 8.000 cidadáns

Os monitores da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor" despráronse polas catro provincias nunha aula móbil



Nenos e maiores recibiron as explicacións dos educadores ambientais

A campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor", que deu comezo o pasado 12 de xullo, informou durante o primeiro mes e medio de actividade a preto de 8.000 transeúntes a pé de rúa. A iniciativa percorreu 42 municipios pertencentes ás catro provincias galegas: 18 de A Coruña, 12 de Lugo, 10 de Pontevedra e 2 de Ourense. A campaña, que segue en marcha, despregouse inicialmente nos municipios da costa por aglutinar maior afluencia de turistas, facéndoa coincidir con eventos de especial interese e aforo.

Educadores ambientais, que se trasladaban ás distintas localidades nunha aula itinerante, informaron aos cidadáns sobre as boas prácticas ambientais vinculadas á xestión sostible dos residuos, instándoos a colaborar no sistema a través do principio dos tres erres: redución, reutilización e reciclaxe.

Co obxectivo de facer máis amenas as explicacións, os monitores tamén se serviron de material divulgativo como guías, folletos ou vídeos. Para os nenos reservouse unha actividade máis lúdica coa que facilitar a aprendizaxe, pero tamén a diversión: o xogo xigante da reciclaxe.

Así mesmo, ademais de reforzar os seus coñecementos, os veciños das localidades visitadas tamén puideron resolver as súas dúbidas e trasladar as súas opinións, observacións, queixas e demandas en torno á recollida selectiva, cumprimentando enquisas de satisfacción voluntarias.

A campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor" arrancou, en xeral, de forma satisfactoria no conxunto dos concellos, augurando que ao final da súa andaina, en xuño de 2014, os resultados sexan moi favorables e frutíferos. Esta iniciativa divulgativa está promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama, e apoiada por Ecoembes e os Sistemas Integrados de Xestión de Pilas (Ecopilas, Ecolec e ERP).



[Galería de fotos](#)

### Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**  
Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**  
Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

### Mundo SOGAMA

Balace positivo para o programa de compostaxe doméstica

### Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

### Multimedia

### Eventos

### Receitario


[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Unha larachesa, gañadora do concurso "Segundas oportunidades sempre foron boas. Reacciona!"

A campaña continua activa no sitio web [www.reaccionacontraosresiduos.com](http://www.reaccionacontraosresiduos.com)

Unha moza do concello coruñés da Laracha, Noelia Cambón, foi a gañadora do concurso correspondente á campaña educativa "Segundas oportunidades sempre foron boas. Reacciona!". O premio recibido é unha fin de semana para dúas persoas no Balneario de Pambre, no concello de Palas de Rei (Lugo).



A gañadora recibiu de premio unha fin de semana no Balneario de Pambre, en Palas de Rei (Lugo)

De entre o preto de milleiro de aspirantes, un total de 154 lograron superar a proba de coñecementos dispoñible na páxina [www.reaccionacontraosresiduos.com](http://www.reaccionacontraosresiduos.com). O obxectivo desta iniciativa divulgativa, lanzada o pasado mes de maio con motivo do Día Internacional da Reciclaxe, era instar á cidadanía a que reaccione contra os refugallos, asumindo a súa parte de responsabilidade como produtora dos mesmos.

### Información online

Actualmente, a campaña "Segundas oportunidades sempre foron boas. Reacciona!" continúa en vigor a través do sitio web referenciado ([www.reaccionacontraosresiduos.com](http://www.reaccionacontraosresiduos.com)), no que os internautas poden atopar toda a información sobre as boas prácticas na redución e reutilización de refugallos, así como na correcta separación dos mesmos, podendo chegar os seus comentarios, opinións e propostas ao respecto.

### Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**  
Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**  
Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

### Mundo SOGAMA

Balace positivo para o programa de compostaxe doméstica

### Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

SUBIR

[Volver á páxina de inicio](#)

# Eventos

Boletín Informativo OUTUBRO 2013

## Premio da revista "Ejecutivos"

O pasado mes de xullo, o presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, Luís Lamas, recolleu o premio "Ejecutivos Galicia" concedido á Sociedade pública na sección de Medio Ambiente. Este galardón enmárcase na III Edición dos "Premios Ejecutivos Galicia" que promove a revista "Ejecutivos", unha das principais publicacións de carácter socioeconómico da industria editorial española.



O acto tivo lugar o pasado 17 de xullo en Santiago de Compostela


O premio foi concedido á empresa na sección de medio ambiente pola súa contribución, a través da correcta xestión dos residuos urbanos, ao desenvolvemento sostible, priorizando medidas tales como a protección do contorno natural, a saúde pública, a xeración de emprego e o benestar social.

O evento e acto de entrega do galardón tivo lugar no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela, contando coa asistencia do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, así como a de autoridades do goberno autonómico galego e personalidades de referencia no ámbito empresarial.

Os premios, que se repartiron en 11 categorías, quixeron recoñecer o traballo e esforzo de empresas, executivos e organizacións galegas que están colaborando activamente para que a nosa comunidade supere da mellor forma posible as actuais turbulencias económicas.

## Sogama participou no seminario de verán "A paisaxe na historia", celebrado na localidade lucense de Guitiriz

A mediados de xullo, a Sociedade Galega do Medio Ambiente colaborou e participou no seminario de verán que, baixo o título "A paisaxe na historia", tivo lugar no concello de Guitiriz (Lugo) entre os días 17 e 19. Durante as tres xornadas desenvolveuse, baixo os conceptos de "Elocuencias, Vivencias e Imaxe", un diálogo interdisciplinario entre as diferentes concepcións da paisaxe ao longo do tempo, abordando unha visión diferente da mesma.



Tamén se reservou un tempo para proxeccións audiovisuais, incluíndo unha específica sobre a reciclaxe e a actividade de Sogama en Galicia, toda vez que a posta en marcha do seu modelo contribuíu a eliminar a lacra dos vertedoiros incontrolados dispersos pola nosa comunidade. Con isto, o labor da empresa pública posibilitou en boa medida a mellora da paisaxe galega, minimizando o risco ambiental.

«A paisaxe na historia» é un libro que trata sobre a paisaxe e a historia. É un libro que trata sobre a paisaxe e a historia.

[SUBIR](#)

## Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**  
Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**  
Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

## Mundo SOGAMA

Balace positivo para o programa de compostaxe doméstica

## Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

## Multimedia

## Actualidade

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Eventos

Boletín Informativo OUTUBRO 2013



As bolsas están feitas con papel reciclado e biodegradable

## A Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo distribúe entre a súa clientela 10.000 bolsas de papel reciclado cedidas por Sogama

A Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo está a distribuír entre os establecementos adheridos 10.000 bolsas de papel reciclado e biodegradable cedidas por Sogama; unha actuación que se enmarca no acordo de colaboración formalizado a comezos do verán polos representantes de ambas entidades: Beatriz Varela e Luís Lamas.

"Unha + Unha, porque xuntas reciclamos" é o lema que levan impreso estas bolsas coa pretensión de chegar á clientela cunha mensaxe clara: o importante papel que a muller desempeña na sociedade actual, así como a firme aposta que esta organización lucense fai pola reciclaxe e a protección do medio ambiente.

As actuacións da Asociación lucense constitúen un claro exemplo das políticas que pretende instaurar a Comisión Europea e nas que cobran protagonismo os dous principios transversais que deben rexer as mesmas: o medio ambiente e a igualdade de oportunidades.



### Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**

Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**

Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

### Mundo SOGAMA

Balance positivo para o programa de compostaxe doméstica

### Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

### Multimedia

### Actualidade

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## ENTRANTE

### Fabas con ameixas

Nivel de dificultad: **1** **2** **3**

#### CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 400 grs. Fabas cocidas.
- 1/2 Qg. Ameixas.
- 1 und. Azafrán.
- 1 und. Cebola.
- 2 und. Dentes de allo.
- 2 und. Guindillas.
- c/s Caldo de peixe.
- c/s Perexil picado.
- 2 vasiños. Aceite de oliva.



#### ELABORACIÓN:

- Escoar as fabas dunha fabada e escoller as que estean enteiras.
- Refogar a cebola xunto co allo, ámbolos dous picados moi finos, e mailo aceite. Engadir o caldo de peixe e unhas fabas esmagadas, que poden ser as que rexeitamos, as guindillas, o azafrán, o perexil picado e deixar cocer a lume lento.
- Abrir as ameixas ao vapor e retirar a cuncha baleira. Coar cun pano a auga que soltan e engadirlla á salsa xunto coas fabas e as ameixas. Deixar que levanten fervor e rectificar de sal.

#### PRESENTACIÓN:

- Nun prato fondo colocar as fabas coas ameixas e botar a salsa.

c/s: *cantidade suficiente*

## SE PREFIRES CARNE...

### Manciñas de porco rebozadas con garavanzos

Nivel de dificultad: **1** **2** **3**

#### CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 400 gr. Garavanzos.
- 900 gr. Manciñas de porco.
- 2 und. Ovos.
- c/s Fariña.
- c/s Aceite para fritir.
- c/s Perexil.



#### ELABORACIÓN:

- Ferver os callos e deixar que se poñan mornos. Separar os garavanzos, a carne e a salsa.
- Picar a carne. Unha vez escoada, estendela nun film no mesado. Colocar a carne enriba e envolver ata que quede un rolo feito. Reservar no refrixerador ata o día seguinte.
- Triturar os garavanzos e facer un puré, se fai falla incorporar un pouco de mollo.
- Coar o mollo e deixalo limpo, sen ningunha impureza.
- Racionar a carne en toros, pasar por fariña e ovo e fritir. Colocar sobre un papel para que absorba a graxa sobrante.

#### ACABADO E PRESENTACIÓN:

- Colocar os toros de carne e facer unhas quenelles co puré de garavanzos. Decorar co mollo e perexil picado.

c/s: *cantidade suficiente*

## SE ES MÁIS DE PEIXE...

### Polbo guisado con patacas

Nivel de dificultad: **1** **2** **3**

#### CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 600 gr. Polbo cocido.
- 1 und. Pemento verde.
- 1 und. Pemento vermello.
- 1 und. Porro (parte branca).
- 1/2 und. Cebola pequena ou 1/4 dunha grande.
- 1 und. Pementón doce.
- 1 culleradiña. Tomate concentrado ou tomate frito.
- 1/2 vaso (120 ml.) Viño tinto.
- 1 vaso (240 ml.) Auga ou caldo de peixe.
- 1 und. Loureiro.
- 2 und. Patacas.
- 1/2 Aceite de oliva virxe extra.
- c/s Sal.



#### ELABORACIÓN:

- Cortar o porro en toros grosos, os pementos en anacos e a cebola en cadrados. Pochar estes ingredientes nunha cazola con 4 culleradas de aceite de oliva durante 10 minutos a lume suave. Engadir o tomate e o pemento e remover ben, botar o loureiro, o viño e o caldo e as patacas cortadas do tamaño dun bocado. Deixar que levante fervor e baixar o lume. Deixar cocendo medio tapado durante 15 minutos ata que as patacas estén cocidas.
- Cortar o polbo cunhas tesoiras e introducilo na cazola coa mestura anterior. Se cumprise engadir algo máis de auga, facelo neste momento. Probar e salar se é preciso. Afestar do lume, deixar repousar 5 minutos, retirar o loureiro e servir.

## SOBREMESA

### Empanada de mazá

Nivel de dificultad: **1** **2** **3**

#### CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 1,5 Qg. Mazás maduras peladas, sen os carozos e cortadas en lascas.
- 300 gr. Azucre.
- 1/2 dl. Brandi.
- 1 punta dunha culler. Canela moída.
- 1 punta dunha culler. Noz moscada relada.
- 1 unidade. Zume de limón.
- 1 a 2 culleradas. Manteiga.
- 2 láminas. Masa follada.



#### ELABORACIÓN:

##### Para o recheo:

- Fundir a manteiga e saltear as mazás.
- Unha vez salteadas pero aínda duras incorporar o brandi á tixola e queimalo. Mentres, engadir o azucre, a canela moída, a noz moscada e o zume de limón. Cocinar 5 min.
- Escorrer o líquido e reservar.

##### Para a empanada:

- Entre dúas capas de masa follada métese o recheo sen que vaia moi seco.
- Pechamos a empanada coa capa de enriba e pinchamos cun garfo.
- Pintamos a capa de enriba da empanada co líquido que escorreu do recheo e espaxamos azucre por riba.
- Metemos ao forno pre quente a 200°C durante 15-20 min.
- Deixar arrefriar e servir. Non gardar en frigorífico.

c/s: *cantidade suficiente*

## Entrevistamos a...

**Antonio Barrón**  
Director de Comunicación Corporativa y Marketing de Ecoembes

**Marian Paredes e Mercedes Cereijo**  
Profesoras coordinadoras do programa "Recíclate con Sogama" 2012-2013

## Mundo SOGAMA

Balance positivo para o programa de compostaxe doméstica

## Novas

A Comisión Europea avala sen fisuras o modelo Sogama

As visitas ao complexo medioambiental incrementáronse nun 9 por cento

Ata 20 colexios afondarán na xestión sostible dos residuos urbanos da man da Sociedade

## Multimedia

## Actualidade

## Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)

